

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de suspensión cautelar de licenzas de parcelación de terreos e edificación no ámbito do plan especial PE M18 Labañou, A Coruña (expediente 631/2024/246).

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o 11 de decembro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento e outorgamento de licenzas de parcelación de terreos e edificación no ámbito do plan especial PE M18 Labañou, delimitado no Plan xeral de ordenación municipal da Coruña, polo prazo máximo dun (1) ano, coa finalidade de estudar a súa modificación, de conformidade co disposto no artigo 41 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG/16), e no artigo 86 do seu regulamento de desenvolvemento.

A suspensión non afectará as obras ou actividades sinaladas no artigo 86.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG/16), para os casos en que resulte de aplicación, nin os usos e obras provisionais previstos no artigo 89 da LSG/16 (artigo 204 do RLSG/16).

Esta suspensión extinguirase polo transcurso do prazo indicado, ou pola aprobación inicial da modificación puntual, caso en que entraría en vigor a suspensión prevista no artigo 47.2 da LSG/16.

Segundo. Publicar o acordo de suspensión no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como na sede electrónica do Concello.

Terceiro. Notificar este acordo aos servizos e departamentos municipais implicados na execución do planeamento».

Contra este acordo cabe interpoñer, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o órgano que o ditou, no prazo máximo dun mes, ou ben, recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do



Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda procedente e sexa conforme a dereito.

O plano e o resumo executivo pódense descargar da páxina web de Urbanismo www.coruna.gal/urbanismo, na epígrafe «Exposición pública», ou do visor do PXOM 2013 na epígrafe «Desenvolvemento do plan».

O que se publica para xeral coñecemento.

A Coruña, 18 de decembro de 2024

A alcaldesa

P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño; BOP núm. 123, do 27 de xuño)

Francisco Dinís Díaz Gallego

Concelleiro delegado responsable da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

CVE-DOG: kmirxcn2-hlx3-zdv2-tj84-0hizkmmhv6w6

